

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 22.11.2019 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de novembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 52718 (10/POC-008172)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a facturación de Portos de Galicia polo cobramento de taxas da actividade portuaria no porto de Cariño durante o ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 514, do 31.07.2019
- 1.2 52902 (10/POC-008220)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación do Plan de sinalización de bateas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 01.08.2019
- 1.3 55055 (10/POC-008677)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Mar para afrontar o impacto da posible saída do Reino Unido da Unión Europea, o contido dos estudos encargados ao respecto e a súa valoración respecto da situación que se presenta para a frota galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019
- 1.4 58674 (10/POC-009179)
Grupo Parlamentario Mixto
Casal Vidal, Francisco e 2 máis
Sobre a situación actual das rías máis afectadas pola presenza da "Marteilia" no berberecho, as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para paliar esa praga e as explicacións científicas que hai para a súa non-afección aos bancos marisqueiros da ría de Muros e Noia, así como a existencia de risco de expansión a outros bancos marisqueiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 560, do 13.11.2019



Punto 2. **Proposicións non de lei**

- 2.1 50139 (10/PNC-004061)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a defensa polo Goberno galego da necesidade de elaborar mecanismos de protección dos fondos mariños de Galicia, co fin de evitar a súa explotación incontrolada para a obtención de recursos mineiros que poidan poñer en risco a pesca e a sostibilidade medioambiental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 483, do 05.06.2019
- 2.2 50201 (10/PNC-004063)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas demandas da Comisión Baleeira Internacional e do Consello Internacional para a Explotación do Mar referidas á elaboración de estudos coordinados entre Galicia e Portugal que permitan coñecer a estrutura poboacional da toniña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 483, do 05.06.2019
- 2.3 55224 (10/PNC-004387)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o incremento das posibilidades de pesca do bonito e o alongamento da campaña desta especie, cando menos, ata o mes de setembro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 2.4 56730 (10/PNC-004499)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da Presidencia da Autoridade Portuaria de Vigo, así como o inicio dos trámites para a declaración como ben de interese cultural, con categoría de sitio histórico, dos elementos do patrimonio histórico, industrial e etnográfico situados na enseada de San Simón, entre A Portela e Rande
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

Marta
Rodríguez
Arias

Firmado digitalmente por Marta
Rodríguez Arias
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Marta Rodríguez Arias,
email=marta.rodriguez.arias@p
arlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.11.18 12:43:03
+01'00'





Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 18/11/2019 12:43:03



RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Paula Quinteiro Araújo

GCE

Vogais

Francisco Casal Vidal

M

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 22.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 22.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52718(10/POC-008172)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a facturación de Portos de Galicia polo cobramento de taxas da actividade portuaria no porto de Cariño durante o ano 2018

Publicación da iniciativa, 514, 31.07.2019



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O porto autonómico do concello de Cariño é o que move o maior número de mercadorías comerciais en Galicia, maioritariamente dunita e madeira. Isto representa, aproximadamente, o 25 % das mercadorías que se moven nos peiraos comerciais autonómicos.

A explotación de dunita situada en Landoi, no concello de Cariño, é un dos alicerces que sosteñen a actividade portuaria. A maior parte desta mercadoría transpórtase por vía marítima en dirección ás industrias siderúrxicas de España, Bélxica, Italia e Alemaña, nos que a dunita se emprega na fabricación de ferro.

A zona norte de Galicia, en concreto a comarca de Ortegal, ten a maior concentración de bosques de eucalipto de Europa, cunha capacidade produtiva que supera o millón de toneladas anuais. Isto tradúcese nunha importante actividade económica para esta comarca. A súa madeira vai destinada a papeleiras españolas, portuguesas e doutros puntos de Europa.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi a facturación de Portos de Galicia por cobros de taxas de actividade portuaria durante o ano 2018 no porto de Cariño?

2ª) Durante o ano 2018, cal foi a cantidade, en termos monetarios, que recadou polo movemento de comercialización e exportación de minerais o porto de Cariño, especificado por material?

3ª) Cal foi a cantidade, tanto de dunita como de madeira, transportada durante o ano 2018 dende o porto de Cariño?

Pazo do Parlamento, 16 de xullo de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2019 12:17:11
Nº Registro: 52718
Data envío: 17/07/2019 12:17:11.687

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/07/2019 12:24:14

María Dolores Toja Suárez na data 15/07/2019 12:24:31

Patricia Otero Rodríguez na data 15/07/2019 12:24:48

CSV REGISTROxmYTDumv5
Verificación
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 22.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 52902(10/POC-008220)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación do Plan de sinalización de bateas

Publicación da iniciativa, 515, 01.08.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:26:40
Nº Rexistro: 52902
Data envío: 23/07/2019 13:26:40.981

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

En resposta á pregunta con número de rexistro 26.557, sobre a demora existente na execución do Plan de sinalización de bateas comprometido, así como os prazos estimados para este fin; na súa resposta o Goberno galego, xustifica estas tardanzas por varios motivos como pode ser a entrada en vigor da nova Lei de contratos e o cambio de Goberno do Estado, non obstante, non da ningunha resposta en canto aos prazos que baralla. Non podemos perder de vista que este plan foi anunciado por Portos de Galicia a finais do ano 2015, un plan que reforzaría a seguridade marítima, no ano 2016 coa colocación de balizas, a cargo da Consellería do Mar e en atención a Lei de Portos do Estado e da Marina Mercante. Un plan que implicaría mellorar a sinalización luminosa dos accesos aos portos galegos. Este plan executaríase ao longo dos dous anos seguintes. A día de hoxe aínda non é unha realidade.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da situación actual do plan de sinalización de bateas comprometido polo Goberno galego xa no ano 2015, e que aínda non é unha realidade en 2019?

2ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de sinalización de bateas, ante os continuos retrasos, tendo en conta que se trata dun tema de seguridade marítima, e que xa se produciron graves accidentes?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 13:19:11

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTROCC8UL0D0N6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:26:40
Nº Registro: 52902
Data envío: 23/07/2019 13:26:40.981

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 13:19:30

CSX, REGISTROCSXUOD0N6
Verificado
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 22.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 55055(10/POC-008677)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Mar para afrontar o impacto da posible saída do Reino Unido da Unión Europea, o contido dos estudos encargados ao respecto e a súa valoración respecto da situación que se presenta para a frota galega

Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Un barómetro publicado en febreiro deste ano pola Cámara de Comercio española en Reino Unido estimaba en máis de 77.000 millóns de euros as inversións españolas en xogo con motivo do Brexit.

O risco dunha desconexión de xeito radical cobra máis forza logo de que o premier británico, Boris Johnson, decidise solicitar á raíña suspender a actividade do Parlamento británico durante cinco semanas para evitar que a oposición intente frear o mais que previsible divorcio hostil coa UE, antes do 31 de outubro deste ano, data na que vence a prórroga pactada entre Bruxelas e Londres.

Ante esta situación, e de non mudar o transcurso dos acontecementos, produciríase un brexit duro, que conlevaría ter que aplicar o Dereito Internacional e, de novo, obrigaría a negociar todo o relativo á pesca.

Cunha saída do Reino Unido sen acordo, veríanse gravemente afectados aspectos como as nosas posibilidades de pesca, o control veterinario, a homologación de titulacións, o control de fronteiras ou o etiquetado de peixe.

De eloxiar é o traballo que dende o primeiro momento levou a cabo a Consellería do Mar, sendo a primeira rexión europea en trazar unha folla de ruta neste eido, encargando diversos estudos ás universidades galegas que nos permitisen obter os mellores argumentos no obxectivo de que a pesca non sexa utilizada como moeda de cambio.

En definitiva, ante a nova situación xerada e a posibilidade de afrontar un brexit sen acordo, deberemos de estar preparados para acometer cambios que permitan atender as necesidades derivadas da aplicación das normas e da operativa diaria do noso sector pesqueiro.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais :

-Que está a facer a Consellería do Mar para afrontar o impacto da saída do Reino Unido da Unión Europea?





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55055
Data envío: 04/09/2019 14:29:02.840**

- En que consistiron os estudos encargados pola Consellería do Mar para analizar o Brexit?
- Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a situación que se presenta para a frota galega con motivo do abandono da UE por parte do Reino Unido?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 04/09/2019 14:26:10

María Ángeles García Míguez na data 04/09/2019 14:26:31

Martín Fernández Prado na data 04/09/2019 14:26:42

Alberto Pazos Couñago na data 04/09/2019 14:27:01

Marta Rodríguez Arias na data 04/09/2019 14:27:17

María Soraya Salorio Porral na data 04/09/2019 14:27:36

Daniel Vega Pérez na data 04/09/2019 14:27:50



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 22.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 58674(10/POC-009179)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre a situación actual das rías máis afectadas pola presenza da "Marteilia" no berberecho, as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para paliar esa praga e as explicacións científicas que hai para a súa non-afección aos bancos marisqueiros da ría de Muros e Noia, así como a existencia de risco de expansión a outros bancos marisqueiros

Publicación da iniciativa, 560, 13.11.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o súa resposta oral na Comisión 8ª, **relativa á incidencia da marteilía do berberecho.**

A irrupción do parasito Marteilía nas Rías galegas no ano 2012 practicamente arruinou os bancos marisqueiros de berberecho nas Rias de Arousa, Pontevedra e Vigo, supoñendo un gran prexuízo para as mariscadoras e para todo o sector.

Ante a situación mencionada, os deputados e a deputada do Grupo Parlamentario Mixto, presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta na Comisión 8ª:

- 1.- Cal é a situación actual nas Rías máis afectadas?
- 2.- Que actuacións está a desenvolver a Xunta de Galicia para paliar esta praga?
E con que orzamentos?
- 3.- Que explicacións científicas se teñen de que o parasito non afectara aos bancos marisqueiros da Ría de Noia-Muros?
- 4.- Existe risco de expansión do parasito a outros bancos marisqueiros de Galicia?
- 5.- Ten a Xunta de Galicia evidencias científicas de que outros axentes ambientais inflúen na expansión e incidencia da marteilía?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2019 17:22:00
Nº Rexistro: 58674
Data envío: 07/11/2019 17:22:00.125

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,
Luís Villares Naveira
Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Veroa
Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/11/2019 17:20:48

Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 17:21:00

David Rodríguez Estévez na data 07/11/2019 17:21:10

Paula Vázquez Veroa na data 07/11/2019 17:21:23

CSV XERXISTRODOTIATPe8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 22.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 22.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 50139(10/PNC-004061)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a defensa polo Goberno galego da necesidade de elaborar mecanismos de protección dos fondos mariños de Galicia, co fin de evitar a súa explotación incontrolada para a obtención de recursos mineiros que poidan poñer en risco a pesca e a sostibilidade medioambiental

Publicación da iniciativa, 483, 05.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2019 12:30:54
Nº Rexistro: 50139
Data envío: 24/05/2019 12:30:54.634



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 8.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Baixo o suxerinte nome de economía azul, a UE e os poderes económicos ocultan un novo risco para o mar e a nosa pesca, a economía azul proxecta observar os nosos mares como fonte de recursos económicos a través da explotación dos seus fondos, poñendo en segundo lugar e con carácter subsidiario a pesca fronte a outras actividades como a mineira.

Si hoxe temos problemas para garantir a sustentabilidade da nosa pesca, sobre todo da que está en mans de estruturas industriais interesadas no beneficio inmediato, a nova cultura da explotación económica dos océanos supón un risco non so para o futuro dos nosos pescadores, se non para o futuro do planeta e o seu medio ambiente.

A explotación mineira xa está a xerar enormes problemas de sustentabilidade en terra, como para introducir a variable da dificultade do control do espazo mariño, tanto polo espazo, a complexidade ou a súa gobernanza, compre polo tanto evitar este desenvolvemento incontrolado establecendo mecanismos de control que impidan excesos irrecuperables.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a

CSM-REXISTRO16G0mCL9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2019 12:30:54
Nº Rexistro: 50139
Data envío: 24/05/2019 12:30:54.634



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a defender a necesidade de elaborar mecanismos de protección dos fondos mariños de Galicia co obxectivo de evitar a súa explotación incontrolada para a obtención de recursos mineiros que poidan poñer en risco a nosa pesca e sustentabilidade medioambiental.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Luís Villares Naveira

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 24/05/2019 11:49:39

Paula Quinteiro Araújo na data 24/05/2019 11:49:47

Luis Villares Naveira na data 24/05/2019 11:50:00

CSV: REXISTROH6GIDmCL9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 22.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 50201(10/PNC-004063)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas demandas da Comisión Baleeira Internacional e do Consello Internacional para a Explotación do Mar referidas á elaboración de estudos coordinados entre Galicia e Portugal que permitan coñecer a estrutura poboacional da toniña

Publicación da iniciativa, 483, 05.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2019 13:21:57
Nº Rexistro: 50201
Data envío: 28/05/2019 13:21:57.086



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo** e **Flora Miranda Pena** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A toniña –que é o cetáceo de menor tamaño do Hemisferio Norte– afronta o risco de desaparecer das costas galegas, razón pola cal está recollida como especie vulnerable no Catálogo de Especies Ameazadas regulado polo Decreto 88/2007. Porén, semella que a Xunta de Galicia iso non lle importa demasiado. Cada ano, a toniña está máis preto da extinción e Goberno galego non fai nada para remedialo.

Segundo unha tese doutoral que vén de ser defendida na Universidade de Aveiro, “Galicia parece ser unha das zonas clave na Península Ibérica, xunto probablemente co Golfo de Cádiz” para a continuidade da especie, xa que conta con “catro localizacións cunha particular presenza de toniñas”, a saber: Punta Candieira, en Cedeira; os cabos de Vilán, en Camariñas, e Touriñán, en Muxía; Punta dos Remedios, en Lira; e Faro de Corrubedo.

O estudo analizou, entre outras cuestións, os datos de exemplares varados que foron recollidos entre 1990 e 2013 pola Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA) en Galicia e do 2000 ao 2013 pola Sociedade Portuguesa de Vida Salvagem. Contabilizou un total de 424 toniñas varadas. No 33,4% das toniñas observáronse signos de captura accidental, que, segundo a

CSM-REXISTROTOTX603hGL5
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





tese, é “unha das principais ameazas para os pequenos cetáceos, especialmente toniñas, e é preocupante nunha zona de gran presión pesqueira como a noroccidental peninsular”.

Ademais da captura accidental, as toniñas sofren outros impactos prexudiciais relacionados coa actividade humana. Segundo unha investigación elaborada polo Bottlenose Dolphin Research Institute (BDRI) do Grove, o tráfico mariño de embarcacións afecta negativamente á supervivencia do cetáceo, algo que explica, en parte, a diminución do seu número nas costas galegas.

Así as cousas, a Comisión Baleeira Internacional e o Consello Internacional para a Exploración do Mar solicitan que se leven a cabo estudos –coordinados entre Galicia e Portugal– que permitan coñecer a estrutura poboacional da toniña co obxecto de protexer á especie.

Por todo o dito o Grupo Parlamentario de en Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Asumir as demandas da Comisión Baleeira Internacional e do Consello Internacional para a Exploración do Mar e elaborar estudos coordinados entre Galicia e Portugal que permitan coñecer a estrutura poboacional da toniña.
- Adoptar medidas para protexer as toniñas baseadas en ditos estudos.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2019 13:21:57
Nº Registro: 50201
Data envío: 28/05/2019 13:21:57.086



Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Flora Miranda Pena
Deputadas do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/05/2019 13:20:10

Flora María Miranda Pena na data 28/05/2019 13:20:17

Luis Villares Naveira na data 28/05/2019 13:20:23

CSV REGISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 22.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 55224(10/PNC-004387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o incremento das posibilidades de pesca do bonito e o alongamento da campaña desta especie, cando menos, ata o mes de setembro

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55224
Data envío: 05/09/2019 18:32:58.350

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos:

O Ministerio de Agricultura e Pesca comunicaba o pasado 27 de agosto unha resolución na que se decretaba o peche da pesquería de atún branco do norte.

Por tal motivo, os buques con pavillón español xa non poderán levar a cabo a captura desta especie no que resta de ano, podendo só descargar as cantidades apesadas ou que foran declaradas antes desta data.

Hondarribia, Getaria, Ondarroa, Bermeo, Santoña, Colindres, Gijón, Avilés e Burela concentran a práctica totalidade das máis de 15.000 toneladas de atún branco-bonito do norte descargadas na costa do Cantábrico desde que arrancara a costeira do bonito no pasado mes de xuño.

Xa é o segundo ano que se anticipa o peche da campaña do bonito, rematándose a finais do mes de agosto, cando habitualmente adoitaba concluírse ao longo do mes de setembro.

A conselleira do Mar reivindicaba a necesidade de acadar un incremento de cota de bonito, unha vez que foi contrastada boa situación biolóxica deste recurso, á vez que demandaba un mellor reparto das posibilidades de pesca para que a campaña se prolongue, como mínimo, ata o mes de setembro, como viña sendo habitual.

O Grupo Parlamentario Popular súmase a esta demanda realizada pola titular da Consellería do Mar, que recolle unha reivindicación de vital importancia para a nosa frota que pesca esta especie dun xeito artesanal e respectando a legalidade.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan esta proposición para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do goberno Central que:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO10106676348
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55224
Data envío: 05/09/2019 18:32:58.350**

- Utilice os datos nos que aprecia que o bonito se atopa en boa situación biolóxica para reivindicar un incremento das posibilidades de pesca para esta especie.
- Estude unha mellor xestión e reparto de cota que posibilite alongar a campaña de bonito, canto menos, ata o mes de setembro.”

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2019 18:24:11

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2019 18:24:52

María Ángeles García Míguez na data 05/09/2019 18:25:02

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2019 18:25:52

Martín Fernández Prado na data 05/09/2019 18:26:22

Marta Rodríguez Arias na data 05/09/2019 18:27:56

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2019 18:28:14

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2019 18:28:44



CSV REXISTRO1068765d8

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 22.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 56730(10/PNC-004499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da Presidencia da Autoridade Portuaria de Vigo, así como o inicio dos trámites para a declaración como ben de interese cultural, con categoría de sitio histórico, dos elementos do patrimonio histórico, industrial e etnográfico situados na enseada de San Simón, entre A Portela e Rande

Publicación da iniciativa, 544, 09.10.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 18:07:10
Nº Rexistro: 56730
Data envío: 30/09/2019 18:07:10.845

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actuación do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo constitúe un exemplo negativo do que debe ser un cargo público, pola súa prepotencia, o seu desprezo aos dereitos do persoal, a mala xestión do Porto, e as malas relacións con outras institucións.

A anulación do Plan de Usos do Porto, a perda de actividade e influencia do Porto de Vigo, a desastrosa xestión do accidente do Marisqueño, os ataques a representantes políticos, a falta de respecto polo medio e o patrimonio... forman parte da folla de servizo dunha persoa que foi nomeada a proposta da Xunta de Galiza.

O sr. López Veiga actúa como un sultán que exerce o “autoritarismo portuario”, un “modus operandi” que se caracteriza polo desprezo ás persoas, ás institucións, á ría e aos recursos culturais e naturais.

O exemplo máis claro da mala xestión do Presidente da Autoridade Portuaria é o declive do Porto de Vigo, que perde competitividade en relación con portos veciños,

CSM-REXISTRO06WqMbyTG16
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 18:07:10
Nº Rexistro: 56730
Data envío: 30/09/2019 18:07:10.845

principalmente co de Leixoes, que move o 40% máis de mercadorías que Vigo, Marín e Vilagarcía xuntos.

O último episodio da desastrosa xestión da súa xestión tivo lugar o pasado venres 27 de setembro na reunión do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo, na que o Presidente da Autoridade Portuaria presentou a proposta de desmantelamento do cargadoiro de mineral da MineroSiderúrxica de Ponferrada, situado en Rande. A proposta foi aprobada polo consello de administración, aínda que conta coa oposición do concello de Redondela e de numerosos colectivos veciñais e de defensa do patrimonio.

Na tramitación desta proposta produciuse unha omisión moi grave, ao ocultar que esta estrutura está catalogada e polo tanto conta con protección patrimonial. Ademais, non se ten en consideración que o cargadoiro forma parte dun conxunto de bens de interese histórico, cultural e patrimonial que deberían ser obxecto de protección, conservación e rehabilitación.

Polo anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Solicitar ao goberno do Estado a destitución do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo.
2. Iniciar os trámites para a declaración como BIC, coa categoría de sitio histórico, dos elementos de patrimonio histórico, industrial e etnográfico situados na enseada de San Simón, entre A Portela e Rande: os cargadoiros de mineral, as fábricas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 18:07:10
Nº Registro: 56730
Data envío: 30/09/2019 18:07:10.845

de conserva, a fábrica de salga da Regasenda, as instalacións portuarias e restos da fortaleza de Rande.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2019 17:51:35

María Montserrat Prado Cores na data 30/09/2019 17:51:42

Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2019 17:51:50

Olalla Rodil Fernández na data 30/09/2019 17:51:57





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 18:07:10
Nº Registro: 56730
Data envío: 30/09/2019 18:07:10.845

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/09/2019 17:52:06

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2019 17:52:17

CSX: REXISTRO01Wq18yTGS6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

